

**MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENSEÑANZA DE ESPAÑOL COMO LENGUA
EXTRANJERA O SEGUNDA LENGUA**

Memoria Xustificativa e Memoria Económica

(Orde do 20 de marzo de 2012 que desenvolve Decreto 222/2011, sobre autorización
de titulacións oficiais no Sistema Universitario de Galicia)

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.pdf

Memoria xustificativa (artigo 5.1.a)

Requisitos xerais

I. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

O Máster Universitario en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua é unha proposta interdepartamental das Universidades de Santiago de Compostela, de Vigo e da Coruña que pretende dar resposta ás crecentes necesidades académicas, científicas e profesionais do profesorado de español como lingua estranxeira ou segunda lingua (LE/L2), así como atender a alta demanda detectada entre o alumnado nativo e non nativo que desexa abrir as súas perspectivas académicas, científicas e laborais cara ao ámbito do ensino do español LE/L2, demanda claramente vinculada coa situación internacional do español, como poñen de manifesto distintos estudos socioeconómicos, nos que se fai patente unha vitalidade extraordinaria, relacionada, sen dúbida, co seu cada vez maior peso demográfico e económico nun mundo globalizado.

Nun ámbito máis xeral, este máster enmárcase no ambicioso proxecto da Unión Europea de fomentar o plurilingüismo dentro das súas fronteiras. Neste sentido, o *Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas: Aprendizaje, Enseñanza, Evaluación* (§ 1.2.) recorda que o Comité de Ministros da UE enfatizou “la importancia política que tiene, en el presente y en el futuro, el desarrollo de campos específicos de acción como, por ejemplo, las estrategias para diversificar e intensificar el aprendizaje de lenguas con el fin de fomentar el plurilingüismo en un contexto paneuropeo”.

O interese do Máster radica no feito obxectivo de que non existe un programa das súas características a nivel autonómico, polo que viría ser o primeiro máster no Sistema Universitario de Galicia (SUG) que atendese a forte demanda social nunha formación especializada de profesorado en español LE/L2. Debe terse en conta que no ano 2022 máis de 496 millóns de persoas teñen o español como lingua materna (o 6,3 % da poboación mundial), que o español é a segunda lingua materna do mundo por número de falantes, tras o chinés mandarín, e a cuarta lingua nun cómputo global de falantes (dominio nativo + competencia limitada + estudantes de español), despois do inglés, o chinés mandarín e o hindi, e que case 24 millóns de alumnos estudan español como lingua estranxeira (cfr. *El español: una lengua viva. Informe 2022*, Instituto Cervantes https://cvc.cervantes.es/lengua/espanol_lengua_viva/pdf/espanol_lengua_viva_2022.pdf). Isto explica a existencia dunha enorme demanda de cursos de español en moitos países e en todos os ámbitos educativos, xa sexan de ensino regrado ou non regrada, e por iso é polo que sexa necesario formar profesionais especializados nese campo que satisfagan a demanda social.

Por outra banda, o interese deste Máster vese incrementado pola nova realidade que desde os últimos anos están a vivir as nosas universidades, que ten que ver co considerable aumento de alumnado internacional e de intercambio que reciben a través dos distintos programas de mobilidade nos que participan (Erasmus+, Erasmus+ International Credit Mobility (ICM), Erasmus Mundus Acción 2, Estudantes visitantes (*free mover*), Convenios Bilaterais con universidades alleas á Unión Europea). Considerando que un número nada desprezable do alumnado internacional mostra unha clara preferencia polo estudo do español, tanto na súa vertente lingüística como literaria, e que, por tanto, opta por realizar estudos no Grao en

Lingua e Literatura Españolas (USC), no Grao en español: estudos lingüísticos e literarios (UDC) ou no Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española (UVigo), un máster como o que aquí se propón permitiríalle cursar uns estudos que normalmente non ofrecen as súas universidades de orixe e completar así a súa formación académica especializada no ámbito do ensino do español LE/L2.

Coa finalidade de responder a diferentes niveis formativos e profesionais do alumnado, os obxectivos deste Máster radican, por unha banda, en ofrecer unha formación sólida no ensino de español LE/L2 tanto a aqueles graduados en lingua española ou noutros graos con formación en distintas linguas e literaturas, como a aqueles graduados procedentes de universidades estranxeiras que desexasen dedicarse profesionalmente a este campo; e, por outra, en completar e actualizar a formación daquelas outras persoas que, como profesores en exercicio, xa tivesen unha ampla experiencia docente. Este máster ten unha orientación profesional, e iso explica que co deseño do seu plan de estudos preténdase cubrir as competencias necesarias para o exercicio das actividades profesionais a el vinculadas, tanto en contornas de docencia e de deseño e edición de materiais como de xestión académica ou de uso das TIC.

De acordo con o indicado no Real Decreto 822/2021, a modalidade docente virtual á que responde este título conxunto “posibilita la adopción de formas específicas de articulación del plan de estudios y favorece la singularización del proyecto académico impulsado desde las universidades” (p.7). A revolución tecnolóxica e dixital está a producir cambios na sociedade actual que afectan tamén ó ámbito educativo. As posibilidades que proporcionan as contornas virtuais como as plataformas de teledocencia resultarán fundamentais para o desenvolvemento da nosa proposta de Máster, e converteranse nun elemento esencial para promover a autoaprendizaxe e favorecer estilos de aprendizaxe colaborativas entre o alumnado. O carácter virtual deste máster faino accesible a profesionais en activo que desexen mellorar ou completar a súa formación.

O Máster axústase, xa que logo, á responsabilidade social que teñen as universidades, tendo en conta que o exceso de demanda de estudos de español a nivel internacional vén motivando a adopción de medidas urxentes e inmediatas respecto á contratación de profesionais que non sempre cumpren os criterios de calidade requiridos. É necesario, en consecuencia, proceder a unha contribución innovadora e eficaz na formación dos colectivos de profesionais implicados no ensino e formación do español como lingua estranxeira ou segunda lingua.

II. Mercado laboral

No ámbito das humanidades, o ensino de linguas é unha das facetas profesionais que máis posibilidades ofrece desde o punto de vista laboral. O inglés supón para os países anglófonos unha porcentaxe significativa do seu PIB, como é ben sabido. No caso do español, noutra dimensión, a súa importancia tamén é considerable. A Fundación Telefónica, a través dos catorce tomos do seu proxecto *El valor económico del español*, (<https://www.fundaciontelefonica.com/cultura-digital/publicaciones/lengua-empresa-y-mercado/471/>) sinalou a transcendencia do español na economía dos países hispanofalantes, especialmente de España. Algúns dos volumes ofrécennos datos pertinentes sobre a importancia do ensino do español como lingua estranxeira no mercado laboral, principalmente os tomos 4 (*Las “Cuentas” del Español*, <https://www.fundaciontelefonica.com/cultura-digital/publicaciones/12/>) e 3 (*La economía de la enseñanza del español como lengua extranjera*, <https://www.fundaciontelefonica.com/cultura-digital/publicaciones/15/>). No primeiro dos mencionados estudos conclúese que o español xera directa ou indirectamente

case o 16 % do noso PIB (ao ensino propiamente dito, deben engadirse outros sectores como a industria editorial e audiovisual, servizos lingüísticos, tecnoloxías da lingua e outros servizos culturais). No segundo estudo o ensino do español como lingua estranxeira (ELE) contéplase como un sector económico e unha industria xeradora de emprego que contribúe ao desenvolvemento da economía e ao benestar do país.

O Anuario del Instituto Cervantes *El español en el mundo 2022* (https://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario_22/el_espanol_en_el_mundo_anuario_instituto_cervantes_2022.pdf) proporciona abundante información sobre as posibilidades que para o mercado laboral ofrece o ensino do español. Así, indica que un total de 23.748.298 alumnos estudan español como lingua estranxeira, segundo datos referidos a 111 países e en todos os niveis de ensino, incluído o ensino non regrado. Dado que nestes datos case non se reflicte a actividade privada, o Instituto Cervantes estima que hai un número de alumnos de español aínda non contabilizados. Consecuentemente, tanto institucións públicas como privadas participan con distintos programas neste ámbito.

Así, por exemplo, o Instituto Cervantes está presente en 88 cidades de 45 países, a través dos seus centros, aulas e extensións, polos cinco continentes. Ten, ademais, convenio con máis de 1000 centros no mundo para realizar distintas probas de carácter oficial, especialmente as que permiten optar ao diploma de español DELE. Ademais do Instituto Cervantes, participa no ensino do español como lingua estranxeira o Ministerio de Educación y Formación Profesional mediante diferentes programas asociados á denominada Acción Educativa Exterior (Programas de Auxiliares de Conversación españoles en el extranjero, Programa de Secciones Españolas, Programa de Secciones Bilingües, etc.) <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/accion-exterior/inicio.html>. Por outra parte, o Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID), colabora co seu programa de lectorados para españoles <https://www.aecid.es/ES/servicios/becas-y-lectorados>. Igualmente, as universidades públicas e privadas e os seus centros de linguas ofrecen gran cantidade de cursos destinados a un público (non necesariamente universitario) entre o que se atopa o alumnado Erasmus. Tamén 56 Escolas Oficiais de Idiomas ofrecen cursos de español para estranxeiros nos seus centros repartidos por todo o territorio.

A esta docencia regrada debe sumárselle a actividade, desenvolta por concellos, comunidades autónomas, ONG, sindicatos e fundacións, para a integración de migrantes e refuxiados, a cal, obviamente, non se pode alcanzar sen un dominio mínimo da lingua. Esta constitúe, sen dúbida, outra das facetas destacadas do ensino do español LE/L2 na actualidade, con perspectivas dun considerable desenvolvemento nun futuro próximo.

Toda esta relación, incompleta, de datos mostra o extraordinario potencial do ensino do español LE/L2 no estranxeiro e en España. Tal é o seu potencial que nalgúns cidades universitarias creouse un auténtico *clúster* ou aglomerado produtivo, moi activo na xeración de riqueza nesas localidades.

Outra faceta profesional do ensino de español LE/L2 vén determinada pola industria editorial, en formato libro ou multimodal. O ensino e especialmente a de segundas linguas hoxe en día non se pode desligar da elaboración de material didáctico, moitas veces audiovisual ou multimodal. O máster que propoñemos ofrece formación neses ámbitos, un dos piares da industria do ensino.

Polos motivos sinalados, o máster ten como potenciais destinatarios os seguintes grupos:

- Graduados ou equivalente que precisan dunha especialización en español LE/L2.
- Profesorado que traballa no ámbito do ensino de español LE/L2 pero que non ten unha formación específica en estudos de posgrao.

- Profesorado de Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional que imparte docencia a alumnado estranxeiro e demanda unha formación específica no ensino do español como segunda lingua.
- Traballadores de ONG e centros sociais que ensinan español a alumnado migrante e refuxiado.
- Graduados ou equivalente interesados na elaboración de material didáctico multimodal.

III. Demanda

Máis de 300 estudantes de toda Galicia acoden cada ano á Facultade de Filoloxía da USC, ademais dos que xa están estudando un dos cinco graos en Linguas e Literaturas e Filoloxía que se imparten no centro, dos que entre 50 e 55 se matriculan no Grao en Lingua e Literatura españolas. Considerando que a taxa de éxito desta titulación normalmente se establece, curso tras curso, ao redor do 85%, este único título proporcionaría 45 estudantes potenciais cada curso, aos que se deberían engadir os graduados noutras linguas, como o inglés, as linguas modernas (alemán, francés, italiano e portugués) e incluso galego, que cursan os módulos que compoñen o Minor en Lingua e Literatura Españolas (48 créditos), pensando precisamente nun posible futuro profesional orientado ao ensino do español como segunda lingua. Estes estudantes poderían aumentar o número de posibles titulados de Filoloxía ata uns 70/75 cada curso.

Por outra banda, a Facultade recibe cada ano un número moi elevado de estudantes de mobilidade entrante, que nos últimos anos aumentou notablemente a través de acordos bilaterais, procedentes de todas as partes do mundo, especialmente de universidades chinesas e europeas, a maioría dos cales son estudantes de español nas súas universidades de orixe. Segundo se desprende dos informes proporcionados pola área de Calidade do centro, o grao de satisfacción destes estudantes coa docencia recibida é superior á media da USC, chegando a case ao 90%. Tendo en conta este dato, ao que habería que engadir o incremento de estudantes estranxeiros que realizan as súas teses de doutoramento na USC sobre o ensino do español como lingua estranxeira, é factible supor que un número non desprezable destes estudantes de mobilidade optaría por cursar un máster en español como lingua estranxeira na USC.

Na Facultade de Filoloxía da UDC os estudantes de novo ingreso nos tres graos son uns 180, que constitúen tamén uns destinatarios potenciais deste máster.

A Facultade de Filoloxía e Tradución da Uvigo, pola súa parte, recibe cada ano, entre os seus tres graos, uns douscentos estudantes novos, que tamén constituirán un público teoricamente interesado neste máster.

Así mesmo, tamén é un máster atractivo para os profesionais sen título específico de especialización no ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua, así como para os graduados como Mestres en Educación Primaria de toda Galicia e para os alumnos do *Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas* e do *Máster Universitario de Lingüística Aplicada*, algúns dos cales veñen dende fóra da nosa Comunidade Autónoma.

Finalmente, o rastreo detallado dos plans de estudo de distintos másteres dirixidos ao ensino do español LE/L2 ofertados por diferentes universidades públicas e privadas, permitiunos comprobar que, no que atinxe a modalidade de impartición, os títulos das universidades privadas ofértanse maioritariamente en modalidade en liña, ás veces combinada con

modalidade presencial; fronte a isto, os títulos das universidades públicas ofértanse maioritariamente en modalidade presencial (ou semipresencial) e tan só algúns deles responden a unha modalidade en liña, combinada ás veces con modalidade presencial ou semipresencial. De acordo co anterior, o carácter virtual do máster que agora se propón presenta un innegable interese e pertinencia académica, xa que viría cubrir un oco na alta demanda da docencia a distancia requirida pola sociedade actual.

IV. Non duplicidade

Ademais de singular e estratéxico, este Máster é complementario coa oferta de títulos que presenta o SUG, entre os que se inclúen másteres en Linguas, Literaturas e Cultura. En particular, contamos, dun lado, cunha serie de títulos de grao que necesitan unha continuación nun segundo ciclo que habilite para a entrada no mundo laboral. Doutro, a implantación deste máster permitirá diversificar as saídas profesionais desta poboación, limitadas ata o momento á docencia no ensino secundario (cos másteres en educación secundaria) e ao **Máster Universitario en Lingüística Aplicada (MILA)**, cuxo alcance é de tipo máis xeral, debido a que consta de tres especialidades optativas: Adquisición e ensino de linguas; Comunicación e recursos lingüísticos; Léxico, gramática e variación. Dentro deste máster, a especialidade de [Adquisición y enseñanza de lenguas](#) está constituída por tres módulos, dos cales soamente un pertence ao mesmo campo de estudo: o módulo denominado *Ensino de segundas linguas*, que consta de 4 materias de 3 créditos: dous delas *Estratexias e métodos de ensino-aprendizaxe* e *Creación e elaboración de materiais de aprendizaxe* (6 créditos en total) gardan relación con dúas das materias do máster que propoñemos, aínda que as do máster MILA teñen un alcance máis amplo, pois se aplican ao alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués. Por tanto, a aparente coincidencia cuantitativa de 6 créditos esconde diversidade cualitativa.

Por outra banda, o **Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinos de Idiomas**, impartido nas tres universidades, ten unha materia que conflúe parcialmente cunha do máster que propoñemos. A confluencia parcial obedece ao seu carácter máis xenérico, enfocada tanto ao español como ao galego, e a que está orientada a futuros docentes cuxos estudantes teñen estas linguas, ben como L1, ben como parte do seu contexto comunicativo habitual.

a) Na USC existe a especialidade de [Lenguas y Literaturas](#) e, dentro dela, un módulo específico *Lengua y Literatura españolas y de Lengua y Literatura gallegas*, unha de cuxas materias é *Bases para la enseñanza y el aprendizaje de lenguas*, de 5 créditos ECTS.

b) Na UDC existe un itinerario de [Lengua y Literatura Gallega y Lengua y Literatura Castellana](#), que inclúe la materia *Bases epistemológicas para la enseñanza de las lenguas y literaturas gallega y castellana*, de 4 créditos ECTS.

c) Na UVigo, o máster de formación del profesorado ten, entre as súas especialidades, a [Lenguas y Literaturas: Lenguas Oficiales](#), que inclúe entre as súas materias a de *Bases para la enseñanza y el aprendizaje de las lenguas*, de 3 créditos ECTS.

Por último, o **Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados y sus Aplicaciones**, destinado a graduados en Lingua e Literatura inglesas, ten dentro do módulo [Lengua y Lingüística inglesas](#), unha materia optativa de 3 créditos denominada *Adquisición y enseñanza del inglés*. Aínda que a materia pertence ao mesmo campo temático que unha das materias do máster, a súa orientación, os seus destinatarios e a lingua de impartición afástanse considerablemente das incluídas nesta memoria.

V. Outros

Como xa se indicou no apartado IV deste memoria, este máster é complementario coa oferta de títulos que presenta o SUG.

Así mesmo, tamén ofrece formación no ámbito científico e investigador, esfera inseparable da académica. Isto é así porque, ademais de servir de posible complemento ao título de grao, tamén se constitúe en período formativo para dar acceso aos programas de Doutoramento en Estudos lingüísticos que se desenvolven nas tres universidades.

Neste sentido, cabe destacar que, no marco da Lingüística Aplicada, a investigación en ensino de linguas estranxeiras experimentou un considerable desenvolvemento nas últimas décadas. O mesmo sucede, no ámbito hispánico, co ensino do español LE/L2. Aínda que non dispoñemos de datos oficiais, se consultamos as bases de datos que ofrecen plataformas como *infoling.org*, *todoele.net* ou COMUN-ES (comunidade virtual de investigadores de español), poderemos comprobar que unha porcentaxe moi importante da investigación no ámbito lingüístico hispánico corresponde á realizada no marco do español LE/L2: polo número de teses defendidas, pola proliferación de revistas científicas nacionais e internacionais especializadas na materia, pola existencia de asociacións científicas (*Asociación para la Enseñanza de Español como Lengua Extranjera*, *Federación Internacional de Asociaciones de Profesores de Español*, *Asociación Europea de Profesores de Español*, *American Association of Teachers of Spanish and Portuguese*, etc.) e pola convocatoria de múltiples congresos. O Máster permitirá tanto ao persoal docente e investigador como ao alumnado integrarse nesta dinámica subárea de coñecemento.

Por outra banda, este título axústase ás prioridades para a implantación de novos másteres no SUG, recollidas no artigo 2 do *Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacions do Sistema Universitario de Galicia para o período 2022-2026*

https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2021_05_27_Acordo_mapa_titulacions_SUG_2022_26.pdf:

- É unha proposta de máster inexistente na actualidade na oferta formativa do SUG.
- É unha proposta que mantén o equilibrio entre institucións.
- É unha proposta que profunda na estratexia de especialización dos tres campus universitarios.
- É unha proposta que se adapta ás necesidades da sociedade e que dá resposta á demanda de profesionais.

Dado o seu carácter singular no SUG, este máster conxunto complementa a oferta formativa de estudos lingüísticos en Galicia. Ademais, promove algúns dos valores que o documento [Galicia 2030: Propuesta de Nuevas Titulaciones para el SUG](#) recomenda fomentar: colaboración (entre institucións, docentes e discentes), flexibilidade e especialización. O máster pon o foco nas metodoloxías de ensino/aprendizaxe de linguas e está orientado á práctica profesional. O citado documento, que pretende servir de guía ou manual de consulta, non contempla ningunha titulación nova na área de Artes e Humanidades. No texto sinálase (p.27) que este ámbito de coñecemento non representa máis que o 11% da oferta formativa do SUG (p. 27), porcentaxe lixeiramente superior ao de ciencias (10%). O propio documento alude á necesidade de combinar os roles científicos e tecnolóxicos que emanan del con outros propios das disciplinas humanísticas e sociais (p. 31).

En canto á capacidade das tres universidades participantes para alcanzar os resultados de aprendizaxe planificados, está fundamentada nos seguintes feitos:

a) Os docentes das áreas implicadas contan con experiencia acreditada en impartición de materias dos campos máis específicos aos que se vincula o máster: lingua española, lingüística xeral, didáctica da lingua e a literatura.

b) As universidades dispoñen de plataformas de teledocencia que foron explotadas durante anos como complemento da docencia presencial. Este contacto continuado do profesorado coas plataformas e o uso de actividades formativas en liña garante unha adecuada impartición da docencia virtual.

Requisitos específicos

Este máster cumpre os seguintes requisitos contemplados no artigo 5.2 do Decreto 222/2011:

1. É interuniversitario.
2. Ten unha orientación laboral ou práctica.
3. Xustifica o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico.
4. Garante as practicas do alumnado.
5. Cubre a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral.

Respecto á previsión mínima de 20 alumnos/as de novo ingreso, cfr. apartado III desta memoria.

Memoria económica (artigo 5.1.b)

1. Xustificación da viabilidade económica

Os recursos fundamentais para o desenvolvemento do Máster proceden das estruturas actuais da USC, UDC e UVigo. Os recursos humanos vincúlanse, principalmente, ás áreas de Lingua española e de Didáctica da lingua e da literatura da USC, ás áreas de Lingua española e de Lingüística Xeral na UDC, e á área de Lingua española da UVigo, co apoio de outras áreas do ámbito filolóxico se for preciso. Para o desenvolvemento da docencia son necesarios entre 18 e 24 docentes, 6 ou 8 de cada universidade, que cubrirán un total de 54 ECTS de docencia en liña, supervisarán as prácticas externas e dirixirán os TFM. Os Departamentos e os centros implicados valoraron positivamente a asunción da docencia. O cómputo de 8 docentes por universidade está baseado nos seguintes cálculos:

- a. A cada universidade participante correspóndelle 2 materias obrigatorias de 6 créditos e 2 optativas de 3 créditos, é dicir, 18 créditos.
- b. Polo menos nos tres primeiros cursos de posta en marcha vai ser precisa a elaboración de materiais didácticos, a gravación de presentacións, a preparación de exercicios e cuestionarios, etc. Este traballo fai aconsellable que un/ha profesor/a se encargue exclusivamente de 3 créditos.
- c. Con independencia das horas previstas non presenciais síncronas e asíncronas –48 para as materias de 6 créditos e 24 para as de 3 créditos–, a modalidade virtual vai comportar bastantes horas de titorías, atención de consultas a través de foros ou do correo electrónico en cadansúa materia.
- d. Hai que contar, ademais, coa carga de traballo adicional que supón a titorización das prácticas externas de 6 créditos e a elaboración do TFM.
- e. Para o bo funcionamento do máster é preciso que cada estudante sexa acompañado no seu percorrido académico por un/ha titor/a. Isto obriga a contar, polo menos, con 8 profesores en cada universidade, tantos como estudantes se matriculan en cada unha.

En principio, as tres universidades contan co persoal mínimo requirido para impartir a docencia neste máster, aínda que, considerando o envellecemento que está a sufrir o PDI das tres universidades, sería conveniente poder contar con profesorado novo, con formación en novas tecnoloxías, con mais preparación en teledocencia e con maior experiencia en ensino de español como LE/L2.

Noutra esfera de actuación, a implantación de títulos virtuais nas universidades, como este que solicitamos, comporta un incremento do traballo do persoal de apoio en dous eixes:

- a. No ámbito da formación en tecnoloxías docentes: con carácter previo á implantación do máster, e tamén no primeiro ano de posta en marcha, é necesario un reforzo da formación do profesorado implicado no uso das ferramentas tecnolóxicas precisas.
- b. Traballo do persoal das áreas TIC das universidades, para garantir que se atenden as incidencias técnicas dos participantes no máster. A eventual saturación do persoal técnico de apoio repercutiría negativamente sobre a calidade do ensino virtual.

En canto ás infraestruturas, as tres universidades por separado están dotadas de medios telemáticos para impartir a docencia en liña (campus virtuais ou campus remoto e Microsoft Teams como ferramentas principais), que están descritas polo miúdo no anexo do apartado 6 da memoria.

Desde o punto de vista funcional, a xestión independente destes recursos por cada universidade limita o desenvolvemento axeitado da docencia en liña. Sería desexable apostar decididamente por plataformas comúns de teledocencia que facilitasen o acceso compartido tanto de docentes como de discentes.

2. Xustificación da orixe dos recursos necesarios

Os recursos necesarios susténtanse sobre o sistema de financiamento das tres universidades. Unha parte do gasto derivado do desenvolvemento da titulación procede da matrícula do alumnado. No presente curso académico, os prezos públicos pola obtención de estudos conducentes a títulos oficiais veñen establecidos pola Xunta de Galicia, Decreto 121/2022, de 23 de xuño, que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso académico 2022/23.